

A Refinería renova o convenio de colaboración co Club Autocrós de Arteixo

- **Repsol patrocinará por cuarto ano consecutivo a sexta proba do Campionato de España de Autocrós, que terá lugar os días 12, 13 e 14 de agosto.**

A Refinería de Repsol na Coruña patrocina por cuarto ano consecutivo a sexta proba do XXI Campionato de España de Autocrós, que atrae a máis de 10.000 afeccionados ao deporte do motor ao circuíto arteixán José Ramón Losada.

Esta mañá, o director da Refinería, Luís Felipe Llamas, e o presidente do Club Autocrós de Arteixo, Francisco Fraga, asinaron un convenio de colaboración para a XXI edición da sexta proba do Campionato Nacional.

Esta colaboración, que Repsol promove desde o ano 2012, atópase dentro dos compromisos deportivos que a Refinería mantén coa súa contorna máis próxima.

O Campionato de España de Autocrós

Esta competición visitará Arteixo os días 12, 13 e 14 de agosto. O circuíto J. Ramón Losada acollerá a sexta proba deste campionato, que estará conformada por seis divisións: División I (turismos prototipos 4x4), División II (turismos ata 2.000cc de dúas rodas motrices), Off Road Series (turismos con motores de serie de ata 2.000cc, caixa de cambios de 5 velocidades, e tracción a dúas rodas motrices), División III (fórmulas prototipo con motor de moto ou coche e 2 ou 4 rodas motrices) CarCross (prototipos con motor de moto 600cc) e CarCross Junior (categoría para os máis novos da grella, xa desde os 13 anos, e con motor de moto 600cc limitado).

En total, espérase a participación de máis de 140 pilotos cuxos nomes se coñecerán o próximo 12 de agosto.